

1. Líder



50



50% FEITO

O Viveiro chega ao ecuador do seu obxectivo con matrícula de honra. Os de Antonio Serrano comezaron a fase de ascenso a seis partidos da Liga Galega, gañaron os tres primeiros con 13 goles a favor e ningún en contra, o último por 5-0 con hat trick de Alejandro, pero xogarán os tres últimos encontros sen rede de seguridade

O próximo luns 10 de xuño é a Gala dos Premios Líder

Esta semana coñecemos os mellores equipos da tempada nas categorías superiores infantil, cadete e xuvenil. A Gala dará comezo ás 20:00 horas con entrada libre ata completar o aforo do Auditorio Gustavo Freire de Lugo

premioslíder 2019
fútbol-base lucense

FASE ASCENSO INFANTIL

Fernando e Adrián encarrilan o pase do Burela

Cun hat trick e un dobrete dos dianteiros mariñaos asestaron un duro golpe ao Numancia de Ares, que perdeu 1-5 no partido de ida da eliminatoria que os mide na fase de ascenso á Liga Galega infantil

FASE ASCENSO CADETE

O Calasancio está a 160 minutos de volver á Galega

O conxunto que dirixe Fontal fixo valer o factor campo tras desfacer o empate a cero co que rematou o partido de ida ante o Cristo Victoria cun 3-1 no Álex Blanco. O Polvorín perdeu en Santiago, pero espera remontar na casa o 2-1 da ida

FINAIS COPA F-8

Residencia, Lugo B e Ferroviaria, campións de Copa

Esta fin de semana disputáronse as fases finais de F-8. Na categoría prebenxamín alzouse co título a Residencia en Foz, en benxamín o Lugo B reinou en Becerreá, e a Ferroviaria impúxose en alevín tras gañar na Cheda



Manu co balón ante César nun lance do xogo | Dosi

O Calasancio pasa e cítase co Ribadumia

OS DE CARLOS FONTAL fixeron valer o factor campo para desnivelar o 0-0 da ida co 3-1 na volta no Álex Blanco

O Calasancio superou a primeira rolda das dúas que separan aos monfortinos da Liga Galega cadete. Os de Carlos Fontal fixeron valer o factor campo ante o Cristo Victoria tras impoñerse no partido de volta por tres goles a un desnivelando a igualdade do encontro de ida, que terminou co cero a cero inicial.

160

MINUTOS separan ao Calasancio do ascenso á Liga Galega cadete, categoría que perderon a pasada tempada co descenso a Provincial

2

ELIMINATORIAS superou o próximo rival do Calasancio, o Ribadumia tras eliminar ao Vila de Corpus en primeira ronda e ao Lérez na segunda.

O Cristo Victoria buscou e conseguiu sorprender de inicio con cambio de sistema respecto ao encontro de ida, polo que ao Calasancio custoulle asentarse no campo nos primeiros minutos ao ter un guiño de partido distinto en mente.

OS MELLORES

| | |
|-------------------|-----|
| CALASANCIO | |
| TAGÜÍ | 👤👤👤 |
| IKER | 👤👤 |
| NICO | 👤 |

Aos poucos a superioridade dos monfortinos foise plasmando, e ao cuarto de hora Tagüí fabricou a primeira xogada de gol por banda ao servir un bo centro que Adrián culminou regateando ao

porteiro visitante antes de mandar o balón ao fondo das mallas. Antes da media hora de xogo chegou o dous a cero, nesta ocasión tras unha nova exhibición de potencia de Tagüí por banda que terminou cun centro e remate de cabeza de Iker



Arbitro: David Pérez Rodríguez Campo: Álex Blanco - Os Escolapios (Monforte)



O monfortino Cereijo na loita por un balón dividido | Dosi

“Demostramos el carácter, el trabajo y la madurez necesarias para competir este tipo de eliminatorias. No tenemos nada hecho, pero vamos por el buen camino con paso firme”

CARLOS FONTAL Calasancio

retratou no segundo pau Iker para facer o tres a cero no Álex Blanco. Ao descanso chegouse co partido e a eliminatoria encarrilada, pero a sentenza non se fixo de esperar na segunda e esta chegou cun centro de Dani que

rematou no segundo pau Iker para facer o tres a cero no Álex Blanco. A partir de aí a conta púidose ampliar, pero sería o Cristo Victoria, xa eliminado, o que maquillara o marcador final co tres a un.



Os xogadores do Calasancio celebrando o 3-0 de Iker | Dosi

O Polvorín e Montirón ante o Conxo

TRALO 2-1 DO PARTIDO DE IDA a eliminatoria resolverase no encontro de volta, no que os de Caballero esperan recuperar a tempo a Dilan e a Dhomi para darlle a volta e pasar á última rolda



Caballero dá instrucións a Andres na banda de Montirón



Arbitro: Alberto Martínez, Óscar González e Mateo Hermandino Campo: A Merded, Conxo

“Venimos del partido de ida en Santiago con bastantes opciones de poder remontar esta eliminatoria” CABALLERO EF Polvorín

partido, pero o Polvorín estivo firme en repliegue e buscou as contras para crear perigo por medio de Dhomi e a balón parado. Tralo primeiro parón o Conxo deu un paso á fronte e terminou a primeira parte con mellores sensacións e cunha clara ocasión que salvou o pau.

OS MELLORES

| | |
|------------------|-----|
| POLVORÍN | |
| CONDE | 👤👤👤 |
| RAÚL | 👤👤 |
| MARCOS L. | 👤 |

marcador con dous goles en apenas tres minutos, xusto antes do segundo parón para hidratarse no que o Polvorín recuperou o pulso. Marcos Lombartero asinou un gol que vale o seu peso en ouro ao enviar ao fondo das mallas un balón solto na área local tras un saque de esquina, e a partir de aí o Polvorín durmiu de novo o encontro para que a eliminatoria se decida o vindeiro sábado a partir das 18:00 horas en Montirón.

O Polvorín e Montirón terán a última palabra na eliminatoria que mide aos de Caballero co Conxo Santiago por un posto en na rolda final da fase de ascenso cadete, tralo dous a un do partido de ida co que se impuxeron os com-

posteláns. En Conxo o encontro estivo marcado polos paróns para hidratarse, un en cada tempo, saíndo os locais mellor parados na primeira metade. O Conxo Santiago intentou levar o peso do



Bruno Vasco a piques de anticiparse a un rival



Adrián desbordando a un xogador do Cambre



Miranda presionando a saída de balón do Cambre

Alejandro puxo nun escalón inalcanzable ao Viveiro

RECITAL CELESTE NA PRIMEIRA PARTE con tres goles do defensa central



Arbitro: David Jiménez Jiménez Campo: Municipal Marcos López

Suma e segue do Viveiro nesta fase de ascenso á Liga Galega infantil na que os de Antonio Serrano, a

base de bo fútbol e entrega, están demostrando unha insultante superioridade.

Ao Estrada eliminárono

en primeira rolda cun global de 9-0 e ante o Cambre a eliminatoria empeza con 5-0 tras un recital de fútbol celeste na primeira parte, na que Alejandro liderou a sinfonia dun Viveiro que ten pé e medio na última eliminatoria do Grand Slam.

Sen deixar marxe aos minutos de tenteo o Viveiro saltou ao terreo de xogo coa única misión de ir a polo partido.

Ao Cambre non lle deu tempo nin a asentarse no terreo de xogo, xa que no primeiro minuto Ayana tivo unha ocasión tras pase de Lucas e aos dous de xogo, o propio Ayana fixo o un a cero tras bater no man a

+13

GOLES FASE ASCENSO nos tres encontros disputados polo Viveiro, os de Antonio Serrano seguen se encaixar un gol en contra con Dopico baixo paus e asinaron 13 a favor

man ao porteiro visitante.

O Viveiro encerrou ao Cambre no seu campo. A idea era clara e plasmouse no terreo de xogo con balóns á banda onde Ayana e Lucas xeraban perigo constante. Con todo, o gol tivo un actor secundario que acapara o guiño do encontro.

Alejandro, o central celeste, fixo o dous a cero á saída dun córner, o tres a cero con outro remate de cabeza tras unha segunda xogada e o catro a cero de novo cun impresionante remate á saída dun córner. Todo iso na primeira parte para deixar ao Cambre tocado e afundido.

Na segunda o esforzo e as altas temperaturas fixeron que o listón de intensidade baixase considerablemente, pero aínda así o Viveiro nunca perdeu a concentración defensiva, fixo o quinto por medio de Miranda e puido ampliar

“Si conseguimos manter este nivel de fútbol, el objetivo cada vez estará más cerca. Ahora a seguir en esta dinámica”

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

a conta con varias ocasións claras nas que Lucas, Ayana e Miranda demostraron que son un tridente practicamente imparabile nesta categoría.

O encontro de volta preséntase como un trámite, pero o Viveiro debe buscar a sentenza ao gol

canto antes para empezar a centrar a súa atención na última eliminatoria na que todo parece indicar que será o Boiro o rival dos celestes, xa que se impuxeron no partido de ida ao Vilvestro por tres goles a cero.

OS MELLORES

| VIVEIRO |
|-----------|
| ALEJANDRO |
| TESHOME |
| MARC |

O Burela presentou de novo a candidatura

O 1-5 EN ARES ANTE O NUMANCIA

volve colocar aos de Javi Ruiz no grupo de cabeza dos aspirantes ao ascenso

O Burela renovou a súa candidatura ao ascenso ao grande. Os de Javi Ruiz, que caeron na eliminatoria de campións polo valor dobre dos goles en campo contrario, demostraron que pese a coller o camiño máis longo son un dos principais aspirantes e favoritos ao ascenso á Liga Galega infantil.

O encontro ante o Numancia en Ares presentábase como unha incógnita, xa que o varapalo da eliminación contra Narón estaba aínda moi recente, e o certo é que ao Burela

“Un bo resultado para volver a recuperar a moral. Intentaremos cerralo na volta” JAVI RUÍZ Burela

JAVI RUÍZ Burela

custoulle meterse en dinámica de partido. A posta en escena foi mellor por parte do Numancia, que se atopou cun paradón de Santi na súa primeira ocasión na que o rumbo do partido e a eliminatoria puido ser outro.

Acto seguido os locais estrelaron un balón no pau, pero cando o Burela parecía KO os mariñaos saíron á boia da man de Fernando, cun golazo, ao poñer o balón en toda a escuadra cun

disparo desde fóra da área, inaugurando o marcador co cero a un e arreffiando os animos dun Numancia crecido.

Sen tempo para a reacción local o propio Fernando, tan só catro minutos despois do cero a un, asinou o cero a dous ao rematar un centro de Iván desde a banda.

O Numancia xa non puido recuperar o pulso ata o descanso, pero no intermedio si que o conseguiu, volvendo

ter unha mellor posta en escena e recortando distancias aos oito minutos co un a dous e dispoñendo de ocasións para o empate a dous que Santi encargouse de evitar con boas intervencións ata que Adrián e Fernando decidiron que o partido e máis de media eliminatoria sería do Burela co hat trick de Fernando e o dobre de Adrián para levar o marcador ata o un a cinco final.



Arbitro: Francisco Piñón López Campo: Prados Velloso



Adrián encara a portaría ante a mirada de Aleixo

COPA DEPUTACIÓN XUVENIL

| OITAVOS | | OITAVOS | | OITAVOS | | OITAVOS | |
|--------------|---|---------------|---|--------------|---|---------------|---|
| Viveiro CF B | 3 | UD Xove Lago | 0 | SD Ribadeo | 2 | CD Foz | - |
| Polvorín FC* | 3 | SD Monterroso | 2 | Sagrado C. | 1 | SD Sarriana | - |
| CUARTOS | | SEMIFINAIS | | FINAL | | SEMIFINAIS | |
| Polvorín FC | 2 | Polvorín FC | 9 | Polvorín FC | - | Sarriana | - |
| Monterroso | 1 | Lourenzá | 0 | --- | - | Residencia B | - |
| CUARTOS | | SEMIFINAIS | | SEMIFINAIS | | CUARTOS | |
| Lourenzá | 4 | Sarriana | - | Residencia B | - | SD Ribadeo | 2 |
| San Ciprián | 2 | Residencia B | - | Residencia B | - | * SD Sarriana | 2 |
| OITAVOS | | OITAVOS | | OITAVOS | | OITAVOS | |
| Lourenzá | 2 | San Ciprián | 6 | Residencia B | 5 | CD Cospeito | 2 |
| Becerreá | 1 | SDC San Roque | 2 | Palas CD | 0 | SD Burela* | 2 |
| OITAVOS | | OITAVOS | | OITAVOS | | OITAVOS | |
| Lourenzá | 2 | San Ciprián | 6 | Residencia B | 5 | CD Cospeito | 2 |
| Becerreá | 1 | SDC San Roque | 2 | Palas CD | 0 | SD Burela* | 2 |
| DEZASEISAVOS | | DEZASEISAVOS | | DEZASEISAVOS | | DEZASEISAVOS | |
| Residencia B | 4 | * Palas CD | 2 | Residencia B | 4 | * Palas CD | 2 |
| Quiroga CF | 0 | CD Corgo | 2 | Quiroga CF | 0 | CD Corgo | 2 |

* Clasificado na quenda de penaltis

Exhibición do Polvorín FC, que xa agarda adversario para a final

A ELIMINATORIA ROMPEUSE NA SEGUNDA PARTE despois de chegar 2-0 ao descanso



Alberto trata de frear ao laurentino Barreira, coa pelota



O amarelo Iker co esférico entre Óscar e Miguel



Speedy pegado á banda presionado por Diego e Xoel

POLVORÍN FC
Goles: Iago (4), Dani (2), Kevin, Alberto e Sozat.

9 0

LOURENZÁ



Árbitro: Sadoum Bahía Saghair Campo: O Polvorín

O Polvorín FC converteuse no primeiro finalista da Copa tras impoñerse ao Lourenzá en Montirón. Os de Kubala, que empezaron a competición titubeantes -clasificáronse para cuartos ante o Viveiro CF B a penaltis e cunha vitoria

pola mínima ante o Monterroso para as semifinais- reforzáronse de cara o partido decisivo cun amplo triunfo sobre os laurentinos.

Os amarelos afinaron a puntería na segunda metade xa que, ao descanso, o encontro estaba dous a cero.

“Noraboa aos rapaces por clasificarse para a final. Agora toca poñerlle a guinda ao pastel”

KUBALA Polvorín FC

Dani, que se estreaba como goleador co equipo, abriu o marcador cun remate de cabeza nun saque de esquina e Iago, que acabaría o encontro con catro tantos, encarrilou o triunfo cun remate cruzado tras cazar entre os centrais un balón diagonal de Speedy.

O Lourenzá competiu na primeiro media hora de xogo pero pouco a pouco foise borrando do campo. Na segunda metade, sen cambios no banquiño,

“Competimos só vintecinco minutos, así é imposible. A descansar para volver con ganas a próxima temporada”

DIEGO REGO Lourenzá

a ausencia foi total. O partido converteuse nun monólogo do Polvorín, que levou o marcador ata o definitivo 9-0.

O equipo que dirixe Kubala espera rival para disputar a final da Copa. O adversario sairá da semifinal que disputan esta tarde, a partir das 19:00 horas, a Sarriana e a Residencia B no campo da Ribela.



Varios xogadores do Polvorín festexando un dos goles

2-0 **4**

AO DESCANSO

O Polvorín FC afinou a puntería tras o paso polos vestiarios para sentenciar a semifinal, Iago, que marcou o segundo antes do intermedio, completou o primeiro póker da temporada nos segundos corenta e cinco minutos de xogo

XOGADORES DO B

Os futbolistas do EF Polvorín están disfrutando de minutos na Copa, con boas actuacións. Chipi e Dani repetiron como titulares, Kevin volveu ter protagonismo saíndo desde o banco. Sozat debutou co primeiro equipo este sábado

COPA DEPUTACIÓN CADETE

DEZASEISAVOS

SD Becerreá -
ED Lourenzà R.

OITAVOS

Residencia B 5
EF Polvorín B 1

OITAVOS

SP Pontenova 3
SD Becerreá 0

CUARTOS

Residencia 1
Sp. Pontenova 3

CUARTOS

SD Sarriana 2
Ferroviaria 0

OITAVOS

SD Antas 0
SD Sarriana 5

OITAVOS

AD Ferroviaria -
UD Xove Lago R.

SEMIFINAIS

Sp. Pontenova 1
SD Sarriana 4

FINAL

SD Sarriana -
SD Burela -

SEMIFINAIS

Sagrado C. 1
SD Burela 3

DEZASEISAVOS

SD Sarriana B 0
Sagrado C. 7

OITAVOS

CP Casás 2
Sagrado C. 3

OITAVOS

CD Foz 4
RC Villalbés B 1

CUARTOS

Sagrado* 2
Foz 2

CUARTOS

SD Burela* 2
Monterroso 2

OITAVOS

SD Burela 4
Viveiro CF B 1

OITAVOS

SD Monterroso 2
ADC Piringalla 1

DEZASEISAVOS

SD Monterroso 3
AT. Abuín 1

* Clasificado na queda de penaltis

O Burela rexorde na Copa

OS DE RAMIRO CHAVES acadan a final tras vencer a Sagrado Corazón, recobrando a confianza perdida tras un campionato provincial moi duro

| SAGRADO CORAZÓN | BURELA |
|-----------------|--------|
| 1 | 3 |



Arbitro: Yecis Omel Amancio Rodríguez. Campo: Municipal Rodríguez Lago -As Gándaras

OS MELLORES

| SAGRADO | BURELA |
|---------|----------|
| JOSE | ANTONIO |
| YONI | BRAIS P. |
| Diego | OTERO |

Tras un campionato provincial duro, que pecharon como colistas, o Burela rexorde das súas cinzas para rematar a temporada con opcións de lograr o título de Copa.

En semifinais, repetíase o mesmo enfrontamento que pechara o campionato provincial nas Gándaras, un partido igualado que sen embargo se pechou cunha vitoria por catro a cero para un Sagrado Corazón moito máis acertado cara a portería. Desta volta, cambiaron os papeis.

Os locais tiveron as ocasións máis claras no treito inicial do partido, nun par de accións de Yoni e un remate de Samuel, só ante o porteiro, que se foi fóra, sen embargo, foi o Burela quen abriu o marcador cun



Samuel controla o balón co xeonllo diante de Antonio

“Felicitó al Burela por la clasificación y a mis jugadores por el esfuerzo que hicieron durante la temporada”

RAMIRO ROZADOS Sagrado

“Despois dunha temporada chea de dificultades este equipo merecía unha alegría. Que disfruten o momento, meréceno”

RAMIRO Burela

gol de falta directa de Dani Jiménez aos vinte minutos de xogo. Antes do descanso, Jose creou outras dúas boas ocasións tras senllas xogadas pola banda esquerda con centros á área. David rematou o primeiro fóra e Yoni non acertou a conectar o segundo, que se paseou por diante da portería. O Burela, moi serio en defensa, respon-

día en accións máis illadas pero igualmente perigosas, con Anxo e Dani como protagonistas. Ao inicio da segunda parte volveron golpear cun gol de córner de Raúl. Os locais recuraron distancia cun gol de Yoni e volcáronse para conseguir o empate, con máis empuxe que orde, e nunca contra Brais sentenciou co 1-3.



Brais Penelo golpea o balón seguido de cerca por Diego



Alexandre a piques de golpear o coiro ante Aarón e Diego



Dani Jiménez trata de baixar o esférico diante de Eder

A Sarriana saíu da Mina como finalista

| PONTENOVA | SARRIANA |
|-----------|----------|
| 1 | 4 |

| | |
|---------|-----------|
| Roberto | David G. |
| Leandro | Marcos |
| Iker | Pablo |
| Xián | Ricardo |
| Dani | Monir |
| Adrián | Saúl |
| Luis | David V. |
| Esteban | Pablo |
| Diego | Alejandro |
| Hugo | Hamza |
| Nerea | Miguel |
| Brais | Samuel |
| Javi | Fabio |
| Raúl | |
| Marcos | |

Goles: Esteban polo Pontenova, Saúl, Hamza (2) e Ricardo polo Sarriana.

Arbitro: Alejandro Luna Méndez

“Jugamos bien, sobre todo en la primera parte, pero no pudimos luchar por el partido ante un equipo físicamente superior”

MIGUEL CERECEDO Sp. Pontenova

A Sarriana conseguiu a clasificación para a final de Copa tras derrotar á Pontenova, o único equipo de Segunda Autonómica que chegou a esta altura da competición, poñendo un bo broche á temporada.

Os sarriaos encarrilaron a semifinal na primeira metade con tres goles. O equipo branco fixo valer a súa pegada fronte a un conxunto local que mostrou boas maneiras, pero que non foi capaz de marcar un tanto que o enganxase ao encontro antes do paso polos vestiarios. Na segunda metade, os visitantes anotaron o cuarto antes de que Esteban pechase o marcador co gol do Pontenova.



premioslider 2019
Fútbol-base Lucense

PREMIADOS XUVENIL HONRA-NACIONAL

premioslider 2019
Fútbol-base Lucense

O equipo ideal da tempada 2018/2019 na categoría xuvenil superior está composto por xogadores que militaron na Liga Nacional e na División de Honra.

O mellor equipo da tempada ten en Cholas, adestrador do Rácing Villalbés ao mellor técnico deste equipo ideal. O seu equipo volveu esta tempada a Nacional tralo histórico paso pola División

de Honra, e pese a ter un curso complicado, sobre todo en canto a lesións, o Villalbés estivo durante toda a campaña máis preto dos postos de ascenso que de descenso.

En canto a xogadores o mellor equipo da tempada sae tralo consenso entre os adestradores e a redacción do Lider. O mellor porteiro deste equipo é Clemente, do Rácing Villalbés, un seguro baixo paus ao

longo da tempada, na que disputou 31 dos 34 encontros que se xogaron na Liga Nacional.

A defensa, de tres xogadores, formada por Noel do Villalbés, que foi esta tempada incluso titular en algún encontro en Terceira División, Martín do Lugo A, un seguro de fiabilidade ao longo do curso, e Porto, que pese a xogar en medio campo a maior parte dos encontros, a súa polivalen-

cia e regularidade fan que esteña por méritos propios no mellor equipo da tempada.

En medio campo aparece Anxo, que foi un referente en Liga Nacional, pero tamén acadou o ascenso co equipo B á Liga Galega e incluso debutou en Terceira División, asinando un ano para o recordo.

Dani Vidal, referencia do Lugo e actual Balón de Ouro do fútbol base lucense

acompaña a Xabi Becerra e Álex Ramos. Becerra foi o sostén do Lugo B cando peor o pasaba o equipo a nivel clasificatorio na primeira volta, e Álex Ramos foi unha das grandes sensacións esta tempada, tanto nos partidos que disputou na máxima categoría coma cando baixou á Liga Nacional.

O tridente ofensivo está formado por Yago, na súa tempada máis regular,

Moreda, que volveu ter minutos en Terceira División, e David Guitián, unha das grandes revelacións no treito inicial da tempada na División de Honra xuvenil.

Este mellor once, ademais de ter ao seu mellor adestrador, tamén ten ao seu árbitro, que esta tempada é Jesús López, o colexiado que máis encontros dirixiu esta tempada entre División de Honra e Liga Nacional.



premioslider 2019
Fútbol-base Lucense

PREMIADOS XUVENIL LIGA GALEGA

premioslider 2019
Fútbol-base Lucense

Antonio Serrano, do CF Viveiro, dirixe a un equipo formado por xogadores do propio club celeste, a SDC Residencia e o CP Calasancio. Todos eles competiron esta tempada na Liga Galega xuvenil con diferentes resultados. O Viveiro de Serrano foi o mellor conxunto lucense e o que máis representación ten no mellor once da tempada xuvenil de Liga Galega.

O técnico mariño conseguiu manter o nivel de existencia no seu equipo, rematando a competición con 16 encontros consecutivos sen perder e unha soa derrota na segunda volta. Algo que choca coas últimas tempadas nas que a competición fíciase demasiado longa para os celestes.

Rubén, na portería, confirmou as expectativas creadas coa súa fichaxe

dende o Burela, club do que tamén chegou o pasado verán Iván, que se consolidou coma un dos mellores defensas da tempada. A savia nova sentoulle moi ben ao Viveiro, xa que dous xogadores de primeiro ano entran no equipo ideal. Xoel Eijo reconvertido a defensa central e Juan, un medio centro que compete como se fora xuvenil de último ano. Un deses é Jairo, o dez celeste que

asinou unha tempada de matrícula.

Sergi é o dono do carril esquerdo do Calasancio ao longo dunha complicada tempada que rematou en descenso e Fagín, en punta, foron dos que se salvaron da queima nos Escolapios.

A Residencia aporta a este equipo tamén catro xogadores nunha tempada con rexistros históricos de irregularidade, con dinámi-

cas de vitorias e derrotas sen igual.

García e De la Iglesia derrubaron a porta da Cheda nada máis chegar á Residencia asinando unha gran tempada na que Begonte foi o máis regular no mediocampo e incluso xogou de porteiro cando foi necesario, mentres que Veloso volveu a estar e aportar goles cando máis o necesitaba o equipo, aínda que se perdeu moi

tos encontros por lesión e a Residencia acusouno especialmente no treito final de tempada.

Este mellor equipo da tempada na Liga Galega xuvenil tamén ten ao seu mellor árbitro e ese é David Pereira, un dos referentes da arbitrase lucense que está tempada ademais se iniciou coma adestrador nas categorías inferiores de fútbol oito do Piringalla.



PREMIADOS CADETE HONRA-GALEGA

Xogadores de catro equipos conforman o once ideal na categoría cadete, da que forman parte o CD Lugo, da División de Honra, e Viveiro CF, SCD Milagrosa e RC Villalbés, de Liga Galega.

Os albivermellos en Honra e os chairegos en Galega foron os mellor clasificados dos equipos lucenses. Os de Martín Murado, entrenador deste equipo ideal, estarían representados por Iago en defensa,

o dono do carril dereito ao longo de toda a tempada, Samu e Rosón, directores de orquestra do equipo dende a medular, e Pérez no extremo dereito tanto do CD Lugo coma na Selección Galega á que acudiu esta tempada.

No que se refire á Liga Galega, Cadra, un dos referentes do equipo que xogou no medio campo e no centro da defensa con Dani, en moitas ocasións formando

unha das mellores parellas da competición, e Gabri, o xogador gol do equipo que se luciu esta tempada na Liga Galega e tamén no xuvenil B, sendo clave no ascenso do equipo.

A portería e para Egoitz, o gardamallas do Viveiro que tamén está representado no mellor once polos seus dous xogadores franquicia, Trasi e Luis, ambos con gol e líderes do ataque mariño, acompañados

por Miguel, mediocentro da Milagrosa que disputou 33 dos 34 encontros de titular no equipo de Madriles, que logrou a permanencia na categoría cun empate na última encontro resistindo a presión infernal que exerceu o Victoria nas últimas xornadas nas que estaba en xogo a permanencia.

O mellor árbitro desta categoría é un referente na mariña lucense, David Jiménez.

A tempada en liñas xerais foi moi boa para os cadetes de categorías superiores co Lugo A en División de Honra loitando ata as últimas xornadas por un posto no pódio e con catro equipos que seguirán na Liga Galega cadete, Lugo B, Viveiro e Milagrosa, aos que aínda se poden unir a próxima tempada Polvorín e Calasancio, inmersos na fase de ascenso.

5

EQUIPOS LUCENSES en categorías superiores cadetes aos que á próxima tempada aínda se poden unir dous máis, xa que Polvorín e Calasancio seguen con vida nas súas respectivas fases de ascenso á categoría de prata do fútbol base cadete



PREMIADOS INFANTIL LIGA GALEGA

Temporada complicada na Liga Galega Infantil, na que tres dos catro equipos lucenses perderon a categoría. Tan só o CD Lugo se mantén logo de realizar unha gran campaña, á espera do que fagan Burela SD e CF Viveiro na fase de ascenso na que seguen inmersos para intentar acompañar ao Lugo na Liga Galega infantil a próxima tempada.

Tras unha gran primeira

volta os albivermellos xogaron a Segunda Fase polo Campionato contra os mellores equipos de Galicia rematando nunha meritória 5ª posición pero chegando incluso á penúltima xornada con opcións de estar na fase final entre os oito mellores. Unha fase final na que o Deportivo acadou o título confirmando o potencial que, por exemplo, deixou ao seu paso pola Fonte

ante o Lugo na segunda fase.

Dani Galán adestraría a este 11 no que contraría cos seus xogadores Buide, líder da defensa, Moha portento futbolístico que esta tempada acadou un torneo internacional co Celta en Dubai, Dani, o dono do carril dereito, Antón, omnipresente sempe en medio campo e Rosón, capitán do equipo que puxo durante toda a

tempada o toque distintivo na medular.

Milagrosa, Residencia e Calasancio perderon a categoría pero aportan xogadores ao mellor equipo da tempada. A Milagrosa a Pablo na portería, sen dúbida o mellor arqueiro lucense pese a encaixar máis de 150 goles esta tempada, e Leo, o sustento do equipo en mediocampo que rematou a tempada sendo unha das referen-

cias da competición.

A Residencia estará representada polo medio centro Mael, e o extremo Hugo, mentres que o Calasancio, que tamén perdeu a categoría sendo este o seu primeiro descenso nunha Liga Galega, na que competiu dende a súa creación, mete no mellor equipo da tempada ao seu xogador insignia, Cereijo, e a Carmen, posiblemente a xogadora con máis proxección

do fútbol base lucense e que recibiu tamén esta tempada a chamada da Selección Galega.

Este mellor once da tempada 2018/2019 da Liga Galega ademais de ter a Dani Galán como adestrador ten a Jorge Méndez coma mellor árbitro. Jorge confirmouse este curso coma unha das grandes promesas da arbitrase lucense e galego nos próximos anos.



COPA DEPUTACIÓN INFANTIL

| | | | |
|---|--|---|---|
| OITAVOS Piringalla 7 RC Villabés B 3 | OITAVOS Sagrado C. 4 SD Antas 3 | OITAVOS ED Lourenzá 7 AD Ferroviaria 1 | OITAVOS Residencia B 3 Viveiro CF 1 |
| CUARTOS Piringalla* 1 Sagrado C. 1 | SEMIFINAIS Piringalla 2 CD Lugo B 4 | SEMIFINAIS Lourenzá 0 SD Ribadeo 3 | CUARTOS Lourenzá 8 Residencia B 3 |
| CUARTOS CD Lugo B 12 CD Foz 1 | FINAL CD Lugo B - SD Ribadeo - | CUARTOS SD Becerreá 1 SD Ribadeo 5 | OITAVOS SD Becerreá* 1 SD Sarriana 1 |
| OITAVOS CD Lugo B 6 Palas CD 0 | OITAVOS CD Castro 3 CD Foz 5 | OITAVOS SD Ribadeo 7 EF Polvorín A 0 | |

* Clasificado na quenda de penaltis

O Lugo B remonta e cítase co Ribadeo na gran final

A PIRINGALLA adiantouse na primeira media hora de encontro, pero a rápida reacción dos albivermellos permitiulles o pase á final sen apuros

| | | | |
|-------------------------|----------|----------|----------------------------|
| PIRINGALLA | 2 | 5 | LUGO B |
| Goles: Lucas e Calderón | | | Goles: Omar (3) e Dani (2) |



Arbitro: Diego Rodriguez Vilela Campo: Municipal Rodriguez Lago - As Gándaras

“Nadie en octubre pensó que llegaríamos hasta aquí, esto debe ser un premio para todos” JUAN GÓMEZ Piringalla

“El equipo tuvo capacidad de reacción en el momento más complicado del partido” ANTON MÉNDEZ Lugo B

O Lugo B xogará a final da Copa tras vencer á Piringalla. Os laranxas lograron unha renda de 2-0 nunha boa primeira hora de partido, pero os visitantes déronlle a volta ao resultado xa antes do descanso e sentenciaron na segunda metade.

Lucas Camba abriu o marcador cun gol nun saque de esquina e pouco

despois, Calderón aproveitou un fallo de comunicación na defensa albivermella para chegar antes a un balón cedo ao porteiro.

En trinta minutos iguallados o partido poñíase de cara para os locais, pero a contundente reacción do Lugo B cambio o signo do partido.

En pouco máis de cinco

minutos, os albivermellos fixeron tres tantos cos que lograron ir ao descanso con vantaxe. Daniel recurto distancias abrindo unha vía de auga na defensa local que aproveitaría despois Omar, con dous goles, para levar o marcador ata o 2-3.

Tras o paso polos vestiarios, a Piringalla quixo enderezar o rumbo perdido. Nun bo inicio Xián, cun tiro desde fóra da área, e Calderón, que fallou nun remate a un rexeitamento no punto de penalti, puideron igualar o encontro, pero o segundo gol de Dani, nunha contra, devolveulle o mando ao Lugo B. Noutra saída con velocidade dos visitantes, a defensa laranxa cometeu un penalti sobre Omar que el mesmo converteu no terceiro na súa conta particular.

A Piringalla buscou un arreón final, pero non conseguiu inquietar a portaría defendida por Jorge. Un final que non estraga a boa temporada do equipo adestrado por Juan Gómez, moi por encima das expectativas da temporada.



Alex e o laranxa Calderón na disputa dun balón dividido



Xian supera por velocidade a Adrián, do CD Lugo



Román faise co coiro fóra da área presionado por Danilo

O Ribadeo quiere seguir sendo o rei da Copa

| | |
|-----------------|----------|
| LOURENZÁ | 0 |
| RIBADEO | 3 |
| Fernando | Aarón |
| Santor | Dopico |
| Iago | Brais |
| Antonio | David |
| Lucas | Adri |
| Edu | Roi |
| Raúl | Xavi |
| Román | Kai |
| Tucho | Miguel |
| Huertas | Antón |
| Manuel | Sergio |
| Daniel | Ayoub |
| Julían | Igná |
| Alejandro | Hugo |
| | Diego |
| | Carlos |

Goles: David, Miguel e Diego.

Arbitro: Ángel Ron Valle

O Ribadeo cura as feridas do Provincial tras quedarse fóra das prazas de promoción na Copa, torneo do que son vixentes campións. O último exame para os ribadenses foi en Santa Cruz ante o Lourenzá, que plantou cara na primeira metade, aguantando o cero a cero. Na segunda David abriu a lata nun corner, e Miguel e Diego sentenciaron.

“Gran temporada. Agora, a descansar para volver con forza en agosto”

MICHAEL Lourenzá

“Partido difícil con moita calor para chegar a unha final moi esperada”

MORO Ribadeo

A Ferroviaria álzase na Cheda co título de Copa alevín

OS DE JAVI BAAMONDE IMPUXÉRONSE AO LUGO B nunha final que se tivo que decidir dende o punto de penalti. O Viveiro rematou terceiro tras remontar ante os anfitrións

| FERROVIARIA A | | CD LUGO B | |
|---------------|--|---------------|--|
| Goles: Martín | | Goles: Adrián | |
| 1 | | 1 | |
| | | | |

A Ferroviaria proclamouse campioa da Copa Deputación 2019 na categoría alevín tras unha agónica quenda da penaltis que estirou a final disputada entre os da Frigsa e mais o Lugo B na Cheda.

Os corenta minutos de partido resolvéronse cun empate a un. Tras media hora de igualdade, nos últimos dez minutos o partido abriuse cun gol de Adrián, que adiantou aos albivermellos.

Con pouco que perder,

o equipo de Javi Baamonde foi a polo empate. A Ferroviaria parecía ter o dominio do balón, pero cando recuperaban a posesión os albivermellos, moi clarividentes á hora de executar as accións á contra, conseguían dar mais sensación de perigo. Así, tiveron varias ocasións para poñer terra polo medio e sentenciar a final. Sen embargo, tras marcar catorce goles na previa, na que disputaron tres encontros, non puide-

ron ampliar o marcador. Unhas veces Antonio e outras veces a defensa conseguiron frustrar as ocasións máis claras.

Cando o tempo se esgotaba para a Ferroviaria e parecía que a final se podía decantar do lado dos albivermellos, no último minuto, Martín marcou o tanto do empate.

Na que podía ser a derradeira bala para o seu equipo, o centrocampista vestiuse o traxe de líder, internouse na área driblando a dous rivais e rematou cun tiro cruzado que poñía o 1-1 no marcador sobre a buciná.

Na quenda de penaltis, o acerto foi máximo por parte dos lanzadores dos dous equipos, que engadiron máis suspense ao desenlace do torneo do K.O. realizando cada conxunto seis lanzamentos dende o punto fatídico.

Os de Javi Baamonde, que empezaron tirando, foron capaces de man-

ter a cabeza máis fría e levaron a vitoria grazas a unha parada de Anxo, que acabou erixíndose no héroe da final.

O Viveiro A e a Residencia B, clasificados como segundos de grupo, xogaron a final polo terceiro posto na que se impuxeron os celestes. Nun encontro moi igualado, o equipo dirixido nesta ocasión por Antonio Serrano tiveron máis acerto cara a portería rival.

COPA ALEVÍN - FASE FINAL GI

| RESULTADOS | |
|------------------------------|-----|
| SD Viveiro A - At. Abuin A | 3-0 |
| DESCANSA: Ferroviaria A | |
| Ferroviaria A - SD Viveiro A | 3-1 |
| DESCANSA: At. Abuin A | |
| At. Abuin A - Ferroviaria A | 0-5 |
| DESCANSA: SD Viveiro A | |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts | X | G | E | P |
|---------------|-----|---|---|---|---|
| FERROVIARIA A | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 |
| SD VIVEIRO A | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 |
| AT. ABUIN A | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 |

COPA ALEVÍN - FASE FINAL GII

| RESULTADOS | |
|----------------------------|-----|
| Residencia B - Milagrosa A | 7-2 |
| CD Lugo B - Pontenova | 2-2 |
| CD Lugo B - Milagrosa A | 5-1 |
| Pontenova - Residencia B | 0-3 |
| Milagrosa A - Pontenova | 1-3 |
| Residencia B - CD Lugo B | 0-2 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts | X | G | E | P |
|-----------------|-----|---|---|---|---|
| CD LUGO B | 7 | 3 | 2 | 1 | 0 |
| SD RESIDENCIA B | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| SP PONTENOVA | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 |
| MILAGROSA A | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 |

COPA DEPUTACIÓN ALEVÍN FINAL

| | | |
|---------------|-----|-----------|
| FERROVIARIA A | 1-1 | CD LUGO B |
|---------------|-----|-----------|

"Enhorabuena a todo el equipo, han creído siempre y luchado hasta el final"

JAVI BAAMONDE Ferroviaria A

"Encuentro moi disputado, de moita ida e volta no que os pequenos demostraron que seguen progresando"

MARCOS BELLO CD Lugo B



Cortón, delegado dos árbitros, entregando o subcampeonato



Os xogadores da Ferroviaria posan co trofeo de campións de Copa Alevín



Os catro finalistas, Residencia B, Viveiro, Lugo B e Ferroviaria posando ao remate da fase final alevín disputada onte pola tarde no campo da Cheda



Os xogadores e técnicos do Lugo B celebran o título de Copa tras gañarlle ao Burela SD sobre o céspede do campo municipal de Becerreá, que acolleu a Fase Final | Adrián Suárez

O Lugo B púxolle o broche de ouro ao curso co título de Copa

O **BURELA SD** quedou subcampión e o Porto de Burela A alzouse co terceiro posto nunha fase final marcada polas altas temperaturas no campo Municipal de Becerreá

| CD LUGO B | 6 | 3 | BURELA SD |
|---|---|----------------------------|-----------|
| Goles: Bruno Piñeiro (3), Hugo, Manu e Iago | | Goles: Óscar, Noel e Jorge | |

| Equipo | Pts | X | G | E | P |
|----------------|-----|---|---|---|---|
| CD Lugo B | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 |
| Porto Burela A | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| Ferroviana A | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 |
| EF Polvorin B | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 |

| COPA BENXAMÍN - F. FINAL GI | | | | | | COPA BENXAMÍN - F. FINAL GII | | | | | |
|-----------------------------|-----|----------------------------|-----|--|--|------------------------------|--|--|--|--|--|
| RESULTADOS | | | | | | RESULTADOS | | | | | |
| Ferroviana A - CD Lugo B | 1-5 | Milagrosa A - Residencia A | 1-2 | | | | | | | | |
| P. Burela A - EF Polvorin B | 6-0 | Burela SD - SD Antas | 2-2 | | | | | | | | |
| P. Burela A - CD Lugo B | 0-2 | Burela SD - Residencia A | 2-2 | | | | | | | | |
| Polvorin B - Ferroviana A | 1-5 | SD Antas - Milagrosa A | 3-2 | | | | | | | | |
| CD Lugo B - EF Polvorin B | 5-1 | Residencia A - SD Antas | 3-0 | | | | | | | | |
| Ferroviana A - P. Burela A | 1-6 | Milagrosa A - Burela SD | 2-7 | | | | | | | | |

| CLASIFICACIÓN | | | | | | CLASIFICACIÓN | | | | | |
|----------------|-----|---|---|---|---|---------------|-----|---|---|---|---|
| Equipo | Pts | X | G | E | P | Equipo | Pts | X | G | E | P |
| CD Lugo B | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 | Burela SD | 5 | 3 | 1 | 2 | 0 |
| Porto Burela A | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 | Residencia A | 5 | 3 | 1 | 2 | 0 |
| Ferroviana A | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 | Antas | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 |
| EF Polvorin B | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 | Milagrosa A | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 |

| COPA DEPUTACIÓN BENXAMÍN FINAL | | |
|--------------------------------|-----|-----------|
| CD LUGO B | 6-3 | SD BURELA |

O Lugo B pechou co título de Copa unha segunda fase excepcional na que non perderon ningún partido, nin durante a Previa nin durante as concentracións nas que se disputou o trofeo.

Con este aval chegaba a Becerreá, onde este sábado se disputou a fase final, como primeiros de Grupo I, clasificáronse para disputar a final co Burela SD, que obtivo a primeira praza do Grupo II, empatados a puntos coa Residencia pero con mellor goleaverage que os branquiazuis.

Bruno Piñeiro adiantou aos albivermellos no primeiro minuto, pero os da

Marosa reaccionaron cun gol de Óscar Fustes, que volvía deixar a final igualada.

O equilibrio durou pouco tanto sobre o terreo de xogo como sobre o marcador, xa que o Lugo B foi facéndose co dominio e as ocasións. Bruno Piñeiro amagou cun novo gol nun man a man e, pouco despois, fixo o segundo. Antes do descanso, Iago anotou o 3-1.

Tras o paso polos vestiarios, o Lugo B seguiu a ser superior e converteu as ocasións levando o marcador ata o 6-1 con tantos de Piñeiro, que marcou un hat trick, Manu e Hugo.

“Contento por la victoria, pero sobre todo por los niños y por la experiencia que se llevan” ADRIÁN SUÁREZ CD Lugo B

“Un premio chegar Á final e xogala cos mellores. Creo que tiñamos posibilidades de competir un pouco máis” SIMÓN Burela SD

Nos minutos finais, o Burela SD recurto distancia con dous goles de Noel e Jorge. Os de Simón Martínez, que xa fixeran unha boa primeira fase quedando ás portas do Provincial, asinaron o subcampeonato de Copa, finalizando tamén o torneo

moi por riba das expectativas iniciais.

O bronce tamén viaxou para a Marosa, xa que o Porto de Burela gañou o encontro polo terceiro posto no que se mediou á Residencia. Os de Raúl Lara impuxéronse aos branquiazuis por 3-0.



Os xogadores do Burela alzando a copa de subcampións



Entrega de trofeos ao terceiro clasificado, Porto Burela A

A Residencia alzouse co trofeo de Copa en Foz

O LUGO B amosou as credenciais de cara ao vindeiro curso. Os albivermellos igualaron antes do descanso un 3-0, pero non puideron co segundo arreón dos branquiazuis



Os xogadores da Residencia, co trofeo e as medallas, tras a final que disputaron contra o Lugo B no campo municipal de Foz | Cristian

COPA PREBENX. - F. FINAL GI

RESULTADOS

| | |
|---------------------------|-----|
| Piringalla - Residencia A | 1-3 |
| Viveiro A - Stgo. de Foz | 0-1 |
| Viveiro A - Residencia A | 2-5 |
| Stgo de Foz - Piringalla | 2-1 |
| Residencia - Stgo de Foz | 2-1 |
| Piringalla - Viveiro | 3-4 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts | X | G | E | P |
|-----------------|-----|---|---|---|---|
| Residencia | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 |
| Santiago de Foz | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| Viveiro A | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 |
| Piringalla | 0 | 0 | 0 | 0 | 3 |

COPA PREBENX. - F. FINAL GII

RESULTADOS

| | |
|------------------------------|-----|
| Corgo - CD Lugo B | 1-3 |
| Porto Burela A - Villalbés A | 4-4 |
| Porto Burela A - CD Lugo B | 0-8 |
| Villalbés A - Corgo | 0-0 |
| Corgo - Porto Burela A | 3-2 |
| CD Lugo B - Villalbés A | 1-0 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts | X | G | E | P |
|----------------|-----|---|---|---|---|
| CD Lugo B | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 |
| Corgo | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 |
| Porto Burela A | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 |
| Villalbés A | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 |



Os xogadores do Lugo B, subcampións de Copa | Jorge



O Santiago de Foz, anfitrión do torneo, foi terceiro | Gayol

A Residencia, que foi de menos a máis esta temporada, alzouse co título de Copa en Foz ante un Lugo B, que pisa forte de cara ao que vén.

A diferenza física foi unha das claves do partido entre os dous aspirantes aoa trofeo tras unha fase de grupos na que sumaron todos os puntos en xogo, gañando os tres partidos disputados. O Santiago de Foz, que finalmente sería terceiro, foi quen máis difícil llelo puxo aos branquiazuis (2-1) mentres que o Rácing Villalbés A foi o que logrou un marcador máis axustado contra o Lugo B (0-1).

Na final, a Residencia amosou axiña a súa carta de presentación. Hernán, con dous disparos lonxanos, adiantou aos branquiazuis, que pronto incrementarían a renda con outro tanto de Iker.

O encontro poñíase costa arriba para o Lugo B que, sen embargo, soubo reaccionar. Nacho avisou nun man a man contra o porteiro que non aproveitou e logo Hugo, nun córner, conectou un remate que se foi fóra por pouco. Á terceira chegou o premio para os albivermellos, que recuraron distancia por medio de Hugo e que acababan igualando o encontro

4

GOLES DE HERNÁN

O branquiazul foi clave na vitoria do seu equipo na final e tamén no camiño cara a ela, xa que foi o máximo goleador do torneo. Á súa potencia no golpeo foi unha ameaza para os porteiros durante toda a competición. Así marcou os dous primeiros goles na final

con dous tantos máis antes do descanso. Un de Nacho e outro de Hugo.

As forzas volveron equilibrarse de cara á segunda metade pero, na posta en escena, volveron aparecer

3º

SANTIAGO DE FOZ

Os anfitrións lograron dúas vitorias na fase de grupos, contra Viveiro e Santiago de Foz, e clasificáronse como segundos para disputar a final polo terceiro posto contra o Corgo. Os da Asier gañaron por tres a cero e fixéronse coa terceira praza

Hernán e Iker, con dous goles cada un, para despegar o camiño ao título para os branquiazuis.

O Lugo B tivo opción de volverse meter no encontro cun man a man de Nacho

| COPA DEPUTACIÓN PREBENXAMÍN FINAL | | |
|-----------------------------------|-----|-----------|
| SDC RESIDENCIA | 7-3 | CD LUGO B |

“Muy orgulloso de los peques, que trabajaron muy bien en equipo durante todo el torneo”

CRISTIAN Residencia

“Muy contentos por la evolución del equipo esta temporada y con su esfuerzo en el torneo. El año que viene seguiremos aprendiendo y mejorando todos”

JORGE CD Lugo B

cando o marcador era de 5-3, pero o gol resistiuse para os albivermellos e a Residencia encarou o partido final sen ningún sobresalto.

O Santiago de Foz fíxose coa terceira praza despois de vencer ao Corgo, que tamén firmou un bo torneo. Os de Asier gañaron por tres a cero.

A DEPUTACIÓN
DE LUGO
DO DEPORTE

CAMPUS RC Villalbés

APADRIÑADO POR ROBERTO TRASHORRAS, terá lugar do 1 ao 6 de xullo

Por quinto ano consecutivo o Rácing Villalbés organiza o Campus de Tecnificación de Fútbol, que terá lugar a primeira semana de xullo en Vilalba.

Organizado polos adestradores do club, Freire e Make, e apadriñado unha vez máis polo ex futbolista chairrego Roberto Trashorras, que formará parte do staff técnico, o campus acolle a nenos e nenas nados entre os anos 2004 e 2014, ambos incluídos.

Orientado á técnica individual de xogadores e xogadoras, contará tamén con diferentes actividades como talleres de inglés ou manualidades. Todas elas realizaranse en horario de mañá, de 9.30 a 14.30, unha novidade nesta edición, coma tamén o é o prezo –máis baixo que en anos anteriores– e o lugar –no Estadio Roca en lugar da Magdalena–.

As prazas son limitadas e o primeiro prazo de inscrición está aberto ata o próximo domingo 9 de xuño, e pode realizarse desde as diferentes redes sociais do Rácing Villalbés –twitter, instagram e facebook– ou nas propias oficinas do club. O segundo abre-se a partir do día dez e extenderase ata o vindeiro 23 de xuño. Os que decidan inscribirse no primeiro prazo recibirán ademais un talonario de rifas por valor de 20 euros para participar no sorteo dunha camiseta do Rácing Villalbés e de dous abonos de socio para a vindeira campaña na 3ª División Nacional.

V CAMPUS TECNIFICACIÓN DE FÚTBOL RACING CLUB VILLALBÉS



do 1 ó 6 de xullo
Estadio Roca
Vilalba

Horario: 9:30 - 14:30

Dirixido a nenos/os de 5 a 15 anos.

1º prazo inscrición 27/5 - 9/6

2º prazo inscrición 10/6 - 23/6

(Formulario con enlace nas diferentes redes sociais ou nas oficinas do Clube)



Mais info en:

Tel. 671 16 59 50 - 661 04 92 70

campusrcv5@gmail.com

twitter: campusrcv

instagram: campusrcv

facebook:facebook.com/campusrcv/

Prezos: Neno/a RCV: 100 €

Neno/a non RCV: 120 €

*Descontos por irmans

ORGANIZA



Apadriñado por
ROBERTO TRASHORRAS
PLAZAS LIMITADAS

PATROCINADORES PRINCIPAIS:



COLABORADORES:

A DEPUTACIÓN
DE LUGO
DO DEPORTE